

Cando me dixeron que escribira estas vinte liñas, que logo son máis - seguro-, non sabía por onde tirar. Decidinme por vos falar dos primeiros pasos, porque eu "non nacín falando galego" . Xa sei que ninguén o fai . Pero eu tardei máis do aconsellábel, máis do que adoita facelo calquera. Crieime entre dúas linguas: o castelán, que reservaron pra min os meus pais, e o galego, que falaban entre eles. Era en castelán como me educaban, na casa e na escola. Era en galego como me zoupaban, como me berraban, como se enfadaba o meu pai, como se queixaba da úlcera a miña nai. En resumo: o galego era o das cousas malas.

Pero crieime en Villabril, no extrarradio da Estrada, xogando con "Nito da Torera", con "Paquiño de Andión", con "Manolo de Casagrande" ou con "Xan do Zoqueiro". Con xente, como vedes , de "alta alcurnia".

Pero iso de seguro que xa o vivides moitos de vós. Non, non. Quero falarvos de como mudei, de como retruquei ese destino que marcaran as modas, e fun parar ó idioma das "cousas malas".

Levaba dous anos a estudar en Compostela e pasaba moito do meu tempo con Castelao, Esteban Castelao. Era fillo do mestre de Cora, no fermoso Val de Veá, e non falaba coma min. O teimudo non me daba unha verba en castelán. Eu non piaba nada en galego. Así fumos tirando dous anos como queda dito: o fillo do mestre falaba galego e o fillo do xastre, castelán ¡O mundo ó revés! E un día, diante dunha cunca de viño, no Franco (como me lembro!), espeteille: ¡ei ti ! ¡esto ten que rematar! ¡temos que poñernos de acordo pra falar do mesmo xeito! Por que sempre te expresas en galego? O Castelao (non o de Rianxo, o de Veá) non se alporizou. "Falo galego porque é a miña lingua, a dos meus pais, a dos teus.... pero, ti verás. Eu non vou mudar". E meteuse un grolo de viño no corpo, satisfeito, convencido, como se acabase de ler unha grande lei universal!!

Abondoume. Dende aquel día (palabra, eh!), dende aquela, falo galego. E estou orgulloso de ter cambiado.

Despois (ben, o de despois imos saltalo porque é outro conto), moito despois, o Juan convertido en Xoán, foi parar ó xornalismo. E aí ando coa mesma lería: eu facendo de Esteban (o Castelao de Cora) falando a cotío con Juanes e Eugénias, con Xosé e Julias, con Luíses e Cármenes, que nunca se preguntan por que falan nun idioma que non é o dos seus pais, nin o do seu pobo, nin sequera o do seu interlocutor. E traballo nun medio público galego, onde abundan os dedos das mans pra contar os galego-falantes que hai entre cento e medio de persoas. Nin sequera o falan dentro do centro de traballo. E iso que viven do galego!!!

Faltárame o poder de convicción dos Castelaos (desta volta o de Rianxo e mailo de Veá) ... ou andaremos faltos de orgullo de nós mesmos?

Xoán Docampo
Xornalista

DO GALEGO